



## A Industria Auxiliar xa comezou a despedir e aplicar ERTES

A Industria Auxiliar tardou menos de 24 horas en aplicar ERTES ó amparo do decreto aprobado polo

gobierno este martes.

Maessa, Nervión e outras de ámbito local non o dubidaron e xa llelo comunicaron aos seus traballadores este mércores, algunhas mediante SMS certificado, aínda que xa houbo algún despedimento o venres 13.



Os ERTES (Expedientes de Regulación Temporal de Empleo) son un mecanismo mediante o cal as empresas transfiren ó Estado a responsabilidade de pagar o 70% da base reguladora d@s traballador@s afectad@s.

Son un auténtico escándalo. En primeiro lugar porque, salvo que se presione para que as empresas paguen un complemento ata garantir o 100% do soldo real, os traballa-

dores só cobrarán unha porcentaxe do seu salario. É máis, naqueles casos en que se cotice por moito menos do salario real (cosa bastante habitual) a merma salarial pode ser moi considerable.

En segundo lugar porque o pagará o Estado, é dicir, maioritariamente a clase obreira a través dos impostos. De modo que as empresas se irán de rosiñas, como a banca no 2008.

É indignante que un goberno de esquerdas, co apoio de CCOO e UXT, propoña un mecanismo que carga o peso dos gastos sobre os traballadores, mentres non fala de que a banca nos debe 65.000 millóns nin esixe ás empresas españolas empregar os 500.000 millóns de beneficios que obteñen cada ano en pagar estes salarios. Para rematar, os ERTES serán a antesala a EREs que moitas empresas aplicarán en canto pase o illamento.

O goberno debe esixir ás empresas que paguen os salarios e as cotizacións á Seguridade Social dos seus traballadores cos beneficios amasados todos estes anos.

En caso contrario, deben ser intervidas polo Estado, o cal asumirá o control das mesmas a partir dese momento, garantindo o 100% dos ingresos e dos dereitos dos traballadores.

**Que a crise a paguen os capitalistas!!**

## Crise sanitaria

Durante estes días non paran de circular polas redes sociais, a través de vídeos ou audios, tanto agradecementos do persoal sanitario como tamén multitude de denuncias, nalgunha ocasión de forma desesperada, pedindo mais medios, tanto materias como humanos, para a súa protección e para poder asistir ós pacientes.

Nalgúns hospitais xa sobrepasan con moito a súa capacidade (en Vitoria, en Madrid, nalgunha residencias de maiores...) e **o material sanitario non está chegando a quen o necesita.**

Onde están os recursos da sanidade privada? Grandes lobbies sanitarios, fondos buitre e grandes multinacionais estanse forrando gracias ás políticas salvaxes de privatización da sanidade pública. Os 10 primeiros grupos empresariais do sector da saúde no Estado Español, liderados por Quirónsalud, facturaron en 2016 (segundo o diario Expansión) 4.945 millóns de euros.

E mentres tanto a Sra. Esperanza Aguirre e marido, ingresados nun hospital público madrileño por coronavirus.

## Comité de Emerxencia

As **reunións** mantéñense decote (dende o día 20, por teleconferencia). A dirección repite coma un mantra que, dado que o goberno **non** suspendeu as actividades produtivas, poden realizarse sempre que se respecten as medidas de prevención contra o coronavirus e o decreto do estado de alarma (dereito a ausencia do traballo por coidado de menores...).

A dirección enfoca o tema dende unha perspectiva estreita, de factoría. A **CGT**, desde unha perspectiva ampla, de sociedade: canta **menos** actividade, **mellor**.

Alguns postos de traballo requiren presenza (Enfermería, Prevención...). Tamén se poden entender algúns traballos produtivos (para evitar deterioros ou por razóns xustificadas). Por exemplo, a dirección informou que era necesario reparar o sistema contraincendios do **Patiño** porque se lle comunicara a posibilidade de habilitalo como buque-hospital. Non sabemos se é certo ou é unha escusa, pero, dada a situación, aceptámolo.

Tamén hai traballos de **Turbinas** vencellados a un sector tan vital como o ener-

xético (posta en marcha dunha turbina en Repsol Coruña, reparación de 3 válvulas para Ascó e reparación dun rotor de ENCE Huelva). Postos en contacto con compañeiros de Turbinas, viron razoables os dous primeiros, pero expresaron dúbidas sobre o terceiro. Na reunión do día 23, a **CGT** pediralle á dirección máis detalles.

En todo traballo presencial deben cumprirse **estritamente** as normas de prevención. Neste senso, a **CGT** plantexou (e a empresa dixo que aceptaba) que calquera traballador que entre na factoría coñeza **de antemán** as medidas preventivas en relación co labor a desenvolver.

A **CGT** mostrouse **disconforme** con outros traballos, como unha obra nunha subestación eléctrica, o formigonado de superficies ou unha descarga de contedores. Entendemos que poden ser aprazados sen máis repercusión cá económica, que nesta situación sanitaria **é secundaria**.

E ademáis, os EPIs que puidesen ser necesarios para realizar estes traballos deberían usarse para protexer ós profesionais da sanidade pública.

---

## Inditex apraza o ERTE

Estes días, Inditex presentou os seus **beneficios** de 2019: 3.639 millóns de euros. A pesar destes resultados anunciou un ERTE.

O ambiente na súa propia plantilla (paros espontáneos nos seus almacenes de loxística negándose a traballar) e a **presión social** en redes contra esta decisión, e así acollerse á subvención do estado do 70% dos salarios dos seus traballadores (ERTE), fixo que Inditex dera marcha atrás e aprazase ata o 15 de abril esta medida.

---

## Aspectos laborais

A dirección de Ferrol segue a responder que non sabe nada. É un pouco difícil de crer que, a estas alturas, a dirección de Navantia non teña avaliado as implicacións laborais da situación. E máis cando todo indica que vai alongarse máis aló dos 15 días previstos inicialmente.

O que si dixo a empresa é que o proceso de prexubilacións mantense segundo o previsto.

A lección a sacar disto é que a resignación é unha batalla perdida sempre. As denuncias a este escándalo e a presión dos traballadores tivo como resultado unha vitoria que, inda que de momento temporal, nos di que a **loita** serve.



### Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:  
cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas  
RRSS



**CGTNavantiaFE**